




# REGULAMENTO DE FREESTYLE EN IDADE ESCOLAR

Departamento de Arbitraxe de Técnica

## INDICE

<b>1. Propósito</b>	<b>Páx. 2</b>
<b>2. Xeneralidades</b>	<b>Páx. 2</b>
<b>3. Idades</b>	<b>Páx. 2</b>
<b>4. Categorías</b>	<b>Páx. 2</b>
<b>5. Grao Mínimo</b>	<b>Páx. 2</b>
<b>6. Duración do exercicio</b>	<b>Páx. 3</b>
<b>7. Particularidades Técnicas</b>	<b>Páx. 3</b>



---

FEDERACIÓN GALEGA  
DE TAEKWONDO

## 1. Propósito

O propósito de este documento é regular as normas de actuación e puntuación na modalidade de freestyle en idade escolar, xa que, ao non existir nas competicións nacionais, non dispoñemos da RFET un regulamento para os escolares nesta modalidade.

## 2. Xeneralidades

As competicións de freestyle escolar seguirán as normas xerais do regulamento de adultos da RFET, coas variacións aprobadas polas diferentes Asembleas Xerais da Federación Galega de Taekwondo que se expoñen nos puntos seguintes.

## 3. Idades

Se rexerán polos rangos de idade que abarcan as idades en deporte escolar de exhibición (de 9 a 16 anos). As idades se entenderán por ano natural, é dicir, un neno poderá participar nun campionato que se celebre no 2020 se naceu entre 2004 e 2013. Pero se dividirán en dúas categorías (aprobado na Asemblea Xeral da FGT de 2018)

Infantil: De 9 a 12 anos

Cadete: De 13 a 16 anos

## 4. Categorías

As categorías existentes para o freestyle escolar son:

- Individual masculino infantil
- Individual feminino infantil
- Individual masculino cadete
- Individual feminino cadete

Non existen as categorías de parellas ou equipos.

## 5. Grao mínimo

Ao non clasificar para os campionatos nacionais, non existe grao mínimo.

## 6. Duración do exercicio

A duración do exercicio será de entre 50 e 100 segundos, deixando un marxe de 3 segundos por arriba e 3 por abaixo como previsión de que os diferentes lectores dos soportes nos que se entregará a música poden variar a velocidade de reprodución da mesma.

## 7. Particularidades técnicas:

Todos as técnicas obrigatorias serán as mesmas que nas sinaladas no regulamento de Freestyle de adulto, pero coa posibilidade das seguintes variacións:

- A) Tuio Ap-chagui: Deberán facer como mínimo 1 patada para bonificar ese apartado, a diferenza dos adultos onde o mínimo son 3, e SEMPRE COMO MINIMO Á ALTURA DA CINTURA.
- B) Grados de xiro: Bonificaranse o xiros dende 180º, considerando o pivote dollyo como un 360º e SEMPRE COMO MINIMO Á ALTURA DA CINTURA.

Estas particularidades técnicas foron aprobadas na Asemblea Xeral da FGT de 2015.



---

FEDERACIÓN GALEGA  
DE TAEKWONDO